



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 22 DE FEBREIRO DE 2014

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D.^a OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO
D. FERNANDO VILAR DÍAZ
D.^a DELIA PAZ ARDAO

SECRETARIO:

D. JOSE A.MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e dous de febreiro baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 6 DE FEBREIRO DE 2014.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data seis de febreiro de dous mil catorce.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. ORDENANZA REGULADORA DAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS DO CONCELLO DA CAPELA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción dunha nova ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira dos montes e espazos forestais do Concello da Capela, que recolle o mesmo texto normativo que xa foi aprobada en moitos concellos das comarcas do Eume e Ortegal. Dí o Sr. Alcalde que é positivo ter unha ordenanza común porque así os madeiristas xa saben a que aterse; o texto da ordenanza foi informado favorablemente na derradeira comisión informativa de asuntos do pleno realizada o día trece de febreiro de dous mil catorce.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para manifestar que por unha vez coincide plenamente co Sr. Alcalde no sentido de que se debe buscar o común entre concellos e que a liña a seguir e compartir servizos.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo remítese ao manifestado polo voceiro do seu Grupo na Comisión informativa de asuntos do pleno.

Pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D.^a Delia Paz Ardao, remítese asimesmo ao xa manifestado na comisión informativa de asuntos do Pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres/Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobado inicialmente a ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello da Capela.

2º. Expoñer ao público a efectos de reclamacións polo prazo de trinta días, mediante anuncio a publicar no boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios do concello.

3º. No suposto de non presentarse reclamacións ao acordo provisional este entenderase elevado automaticamente a definitivo.

4º. Derrogar expresamente o artigo 3 da ordenanza municipal reguladora de plantación e corta de árbores aprobada polo pleno do concello en data 5 de xullo de dous mil un.

3. RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA. DAR CONTA

Dase conta dos decretos e resolucións da Alcaldía dende o día vinte e tres de decembro de dous mil trece ata o día dezoito de febreiro de dous mil catorce

DECEMBRO 2013:

- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 23.12.2013, concesión licenza de obras á empresa ELECTRA CABALAR, S.L., para “Instalación dunha liña eléctrica soterrada de MT+Instalación dunha liña eléctrica soterrada de BT+Substitución de poste+instalación de CT”, no lugar da Buiña.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 23.12.2013, concesión de días de vacacións á Traballadora Social Dna. María América Uceira Criado.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 23.12.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 23.12.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 24.12.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.12.2013, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 27.12.2013, concesión de dous días por asuntos propios á funcionaria Dna. Olga Galdo López.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 27.12.2013, concesión de un día con cargo os asuntos propios ó funcionario D. Jesús Franco Rodríguez.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.12.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.12.2013, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da alcaldía de data 31.12.2013, concesión de tres días por asuntos propios ó Secretario do Concello D. José Antonio Meizoso Paz.

XANEIRO 2014:

- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 02.01.2014, contratación de “Asesoramento en tramitacións relativas a propiedades”, coa empresa Procat Ingeniería y Medioambiente, S.L.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 03.01.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 03.01.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 07.01.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 07.01.2014, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 07.01.2014, aprobación padrón fiscal taxa de prestación servizo municipal abastecemento auga 4º trimestre 2013.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 08.01.2014, concesión de un día por asuntos propios con cargo ao exercicio 2013, o funcionario Jesús Franco Rodríguez.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 08.01.2014, concesión de un día por asuntos propios á funcionaria Josefina Fernández Ferreira.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 13.01.2014, concesión licenza urbanística a María Inés Calvo Lage, para “Obras de conservación e mantemento: Cambio porta e fiestras en edificación existente”, no lugar de A Grúa, 7.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 13.01.2014, concesión de licenza urbanística a José Manuel Seco García para “Construcción de cerramento de parcela”, no lugar de Sande, 5.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 13.01.2014, concesión de licenza urbanística a Juan Gabeiras Pico, para “Limpeza de camiños privados”, no lugar de A Veiga-A Capela.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 13.01.2014, aprobación gasto.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 13.01.2014, cambio de enderezo de José Antonio Villar Varela, Emilia de la Fuente García e de Imanol Villar de la Fuente.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 13.01.2014, devolución e cancelación aval definitivo presentado por José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S.A., para garantir a execución do contrato da obra denominada “Ampliación da rede de abastecemento municipal de auga a Vilarón, Os Picos, O Pazo e Gunxel”.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 14.01.2014, aprobación expediente para licitación e contratación da obra “Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014”, cun orzamento IVE engadido de 45.613,37 €.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 14.01.2014, aprobación e cancelación aval definitivo presentado por José No Mantiñán e

Hijos Construcciones, S.A. Para a obra “Asfaltado do camiño do Sabugueiro”, por importe de 213,04 €.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 14.01.2014, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 15.01.2014, alta no Padrón Municipal de Habitantes de María Couso Rodríguez e Xan Teixido Couso.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 17.01.2014, concesión licenza urbanística a María Seco Vilariño para “Cambio de cubrición dunha edificación existente”, no lugar de As Neves, 97.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 17.01.2014, prórroga do contrato de traballo da bibliotecaria - arquivista Dña. María Isabel Franco Rodríguez.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 17.01.2014, prórroga do contrato de traballo da secretaria do Xulgado de Paz, D^a. María Celia Couce Moreira.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 17.01.2014, concesión de licenza urbanística a D. Antonio Vilariño Vilariño para “Obras de conservación e mantemento: pintado exterior dunha edificación existente”, no lugar de Sande, 19.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 20.01.2014, concesión de licenza urbanística a D^a. María Celia Bouza Basoa para obras de “Conservación e mantemento dun cerramento de parcela e portal de acceso integrado no cerramento”, no lugar de Vilar de Mouros, 15.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 20.01.2014, concesión licenza de obras para “Conservación e mantemento dunhas edificacións existentes: cambio da cubrición das cubertas”, no lugar de Gunxel, 7 - A Capela.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.01.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.01.2014, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 21.01.2014, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Plácido Arnos Buyo, no lugar de As Neves, 87.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 21.01.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 21.01.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 22.01.2014, aprobación facturas-pago.

- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 22.01.2014, gratificacións ós funcionarios do concello en concepto de formación e reciclaxe profesional.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 23.01.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 23.01.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.01.2014, aprobación facturas-pago.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 27.01.2014, convocatoria subvencións a asociacións deportivas e culturais ano 2014.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 29.01.2014, concesión licenza urbanística a Dna. Nieves Meizoso Rodríguez para “Ampliación de Nave-Agrícola-Gandeira”, no lugar de A Graña, 1-Caaveiro.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 29.01.2014, sobre solicitude co concello das Pontes para obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 31.01.2014, aprobación gasto.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 31.01.2014, concesión de un día por asuntos propios a auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar Dna. María Cristina Rodríguez Sanmartín.

FEBREIRO 2014:

- **CULTURA:** Resolución da Alcaldía de data 03.02.2014, contrato do grupo LEILÍA dentro da Rede Cultural da Coruña ano 2013.
- **CULTURA:** Resolución da Alcaldía de data 03.02.2014, contrato do grupo de Música Tradicional Xacarandaina dentro da Rede Cultural da Coruña ano 2013.
- **CULTURA:** Resolución da Alcaldía de data 03.02.2014, contrato do Grupo Folk Cultura Donas e Galáns dentro da Rede Cultural da Coruña ano 2013.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 03.02.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 03.02.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.02.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.02.2014, aprobación facturas-pago.

- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 10.02.2014, concesión de un día por asuntos propios á Traballadora Social María Uceira Criado.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 10.02.2014, contratación da obra “Mellora de camiños municipais: Pousadoiro e outros” Plan de mellora de camiños municipais 2013-2014.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 10.02.2014, concesión de un día por asuntos propios á Secretaria do Xulgado Dna. María Celia Couce Moreira.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 11.02.2014, concesión tarxeta municipal de aparcamento para persoas con mobilidade reducida a Dna. Manuela Seco Arnoso.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 12.02.2014, concesión de licenza urbanística a Dna. María Carmen Sabín Sabín para “Construcción de conductos para saída de fumes dunha edificación existente”, no lugar de As Neves, 16A.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 12.02.2014, cambio de enderezo no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Cristina Seco García, de Sande, 15 a Os Vilariños, 3.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 12.02.2014, cambio de enderezo no Padrón Municipal de Habitantes de D. Héctor Parz Ardao.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 14.02.2014, concesión da prestación de un día máis no Servizo de Axuda no Fogar Municipal a Dna. Benedicta Otero Paz.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 14.02.2014, concesión da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Municipal a D. Manuel Ardao García.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 17.02.2014, aprobación gasto.
- **ORZAMENTO:** Resolución da Alcaldía de data 18.02.2014, aprobación liquidación do orzamento municipal exercicio 2013.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.02.2014, aprobación facturas-pago.

O pleno queda enterado.

4. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Dase conta da moción presentada polo voceiro D.Marcos Rodríguez Calvo do Grupo Municipal de AIAC da Capela, que copiada literalmente di:

"ASUNTO: MOCIÓN CONTRA A MODIFICACIÓN DA LEI DO ABORTO QUE ESTÁ LEVANDO A CABO O GOBERNO CENTRAL."

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En próximas datas o Goberno Central a través do seu Ministro de Xustiza, o Sr. Ruíz Gallardón, vai levar a debate parlamentario unha modificación da actual Lei Orgánica 2/ 2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reproductiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

Esta modificación solo catro anos despois de que se aprobara a anterior, está creando un problema na sociedade donde non había. Según o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, os datos do número de abortos en España durante o ano 2012 mostran un descenso do 5,3% con respecto ó ano anterior. Rexistráronse 6.000 abortos menos que no ano 2011, polo que a actual Lei Orgánica non fixo que aumentara o número de abortos, senón todo o contrario.

O noso entender, esta reforma ten como único obxectivo o de contentar ó sector máis extremista do Partido Popular, a cambio de atacar os dereitos fundamentais da muller e a súa liberdade para decidir sobre a súa maternidade, xa que solo contempla dous supostos para poder abortar, violación e risco para a saúde física e psicolóxica para a nai.

Sen dúbida, de seguir adiante con esta reforma o Goberno Central vai conseguir que a España volvan as prácticas do aborto clandestino, e os riscos para a saúde e para a vida das mulleres que iso conleva, e que moitas mulleres, as que se o poidan permitir, vaian abortar a outros países europeos que teñen na súa maioría unhas leis menos restrictivas que a que agora quere aprobar o Partido Popular.

Dende **AIAC** defendemos o dereito de toda las mulleres, e en especial das mulleres da Capela, á interrupción voluntaria do embarazo e a súa libre decisión.

Por todo isto,

DENDE O GRUPO MUNICIPAL DE ALTERNATIVA INDEPENDIENTE DA CAPELA PROPOÑEMOS Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL:

PRIMEIRO.- Que se inste ao Goberno Central a que retire a reforma da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reproductiva e da

interrupción voluntaria do embarazo, e que calquer reforma que se faga de dita Lei, esté encaminada a ampliar os dereitos das mulleres neste tema.

SEGUNDO.- Que se inste á Xunta de Galicia a que se posicione en contra da mencionada reforma e que reclame en Madrid unha modificación que amplie os dereitos das mulleres neste tema.

TERCEIRO.- Que se inste á Xunta de Galicia que garanta o dereito das mulleres en toda a rede de hospitais públicos e a que se inicien campañas de formación e información sobre métodos anticonceptivos que eviten embarazos non desexados e enfermidades de transmisión sexual."

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que a moción preséntase xa que se trata de reformar unha lei que somentes leva catro anos en vigor, que non xenerou conflitos na sociedade e que incluso segundo datos do propio ministerio o número de abortos diminúe cada ano; ademais coa reforma que se pretende as mulleres só poderán abortar en dous supostos quedando á marxe o da malformación do feto o que conlevará o incremento dos abortos clandestinos e fora do país onde as lexislacións sexan máis favorables á muller, en definitiva como afecta ás mulleres da Capela e polo que o Grupo Municipal de AIAC presenta esta moción solicitando do Goberno Central que retire a reforma da Lei orgánica 2/2010 do 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo e ao mesmo tempo instar á Xunta de Galicia a que se posicione en contra da mencionada reforma e que garante o dereito das mulleres en toda a rede de hospitais públicos da nosa comunidade.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que o Grupo Municipal do PS de G - PSOE tiña unha moción preparada para traer a pleno pero que ó coincidir substancialmente coa presentada polo Grupo Municipal de AIAC, non foi presentada para o seu debate e votación; sinala que está de acordo coa moción presentada e que o seu Grupo Municipal vai apoiala.

Pola concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, D.^a María Olga Blanco Teijeiro, dise que a reforma da Lei do aborto ía no programa do Partido Popular, e que efectivamente no seu partido hai xente a favor e en contra, pero que con respecto á moción presentada polo Grupo Municipal de AIAC é claramente política e que o tema non se vai solventar dende o Concello da Capela.

Pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D.^a Delia Paz Ardao maniféstase que o seu grupo tiña asimesmo preparada unha moción sobre o tema do aborto para

presentar a debate e votación, pero vista a presentada polo Grupo Municipal de AIAC non se presentou en rexistro, dí estar a favor da moción presentada, xa que a reforma promovida polo Partido Popular, non ten pés nin cabeza e é totalmente retrógrada.

Remata o debate da presente moción coa intervención do voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, para expresar que efectivamente dende A Capela pouco se pode facer, pero que é importante que quede constancia da posición do Concello e que co pronunciamento de moitos concellos, entidades e outras administracións pódese facer forza para a retirada da reforma da Lei.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (7 votos a favor dos Sres./Sras. Concelleiros/as dos Grupos Municipais de AIAC, P S de G- PSOE e Mixto - BNG e 2 abstencións do Sr. /Sra. Concelleiro/a do Grupo Municipal do Partido Popular) aproba a moción presentada polo Grupo Municipal de AIAC que na súa parte resolutiva contén o seguinte tenor:

PRIMEIRO.- Que se inste ao Goberno Central a que retire a reforma da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reproductiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e que calquer reforma que se faga de dita Lei, esté encaminada a ampliar os dereitos das mulleres neste tema.

SEGUNDO.- Que se inste á Xunta de Galicia a que se posicione en contra da mencionada reforma e que reclame en Madrid unha modificación que amplie os dereitos das mulleres neste tema.

TERCEIRO.- Que se inste á Xunta de Galicia que garanta o dereito das mulleres en toda a rede de hospitais públicos e a que se inicien campañas de formación e información sobre métodos anticonceptivos que eviten embarazos non desexados e enfermidades de transmisión sexual.

5. ROGOS E PREGUNTAS

Dase conta das preguntas presentadas por D. Marcos Rodríguez Calvo, voceiro do Grupo Municipal de Alternativa Independiente de A Capela, que de seguido se relacionan:

1. Xa fai tempo que o Sr. Alcalde dinos que a Escola de Guitiriz non dispón de corrente eléctrica porque Fenosa na engancha. fíxose algunha xestión ó respecto?

Respóntase polo Sr. Alcalde-Presidente que o enganche está solicitado dende setembro de dous mil doce, que houbo que facer algunha obra complementaria, e pagar unha liquidación que a Fenosa non lle serviu e dende a Alcaldía solicitouse que as condicións se pusesen por escrito dunha vez por todas, agarda que se poida enganchar á maior brevidade posible.

2. O xa famoso Consello de Participación Veciñal, non da arrancado. Poderíanos explicar algún membro do equipo de goberno, cal é o problema para que se poña en marcha?

Resposta o Sr. Alcalde - Presidente que efectivamente non se convocou aínda e que se fará cando se poida.

3. Temos algunha noticia do novo centro de saúde?

Resposta o Sr. Alcalde - Presidente que non hai novas ao respecto pero que está presupuestado este ano e que polo tanto confía en que as obras se inicien neste exercicio 2014.

Seguidamente dase conta das preguntas presentadas pola voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D.^a Delia Paz Ardao, que de seguido se relacionan:

1. Museo etnográfico de A Capela.

Como se recolle na acta da comisión de asuntos plenarios do mes de decembro, o Sr. Alcalde informounos ós concelleiros da súa intención de comunicarlle ó Museo a cesión da Escola de Guitiriz para uso do mesmo como Museo da Escola. En relación con este tema, gustaríame que respostase a estas preguntas:

- A Asociación Patronato do Museo etnográfico está xa informada da cesión de uso deste local?
- Como están as obras para a realización da acometida eléctrica?
- En que data formulou o concello a solicitude á Fenosa do enganche? Cal é o número de expediente da solicitude?
- En que estado se atopa o enganche da auga?

Dase por contestado o relativo á escola de Guitiriz no que atinxe ao asunto do enganche de luz. Dí o Sr. Alcalde - Presidente que unha vez que haxa subministro de enerxía eléctrica dotarase o edificio de auga, e en canto á cesión da escola ao Patronato do Museo será un asunto sobre o que deberá pronunciarse o Pleno da Corporación.

2. Plan Xeral de Ordenación Municipal

O obxectivo inicial deste Plan era a inclusión dos núcleos excluídos que reunisen as condicións e se adaptasen a nova lei, e tramitar os urbanizables que teñen unha ocupación importante de vivendas.

A partir desta premisa, o equipo de goberno, xunto ca empresa adxudicataria, optou por modificar o PXOM integramente; e a postura do BNG sempre foi reacia a esta modificación porque a normativa vixente é moito mais restritiva que a anterior. Isto mesmo confirmouse ca consulta que o Sr. Alcalde foi facer á Xunta de Galicia. Por poñer un exemplo, a área de expansión dos núcleos pasou de 200 m. a 50 m.

A risco de parecer pesada, volvo preguntar unha vez máis:

- En que situación se encontra actualmente este documento?
- Como non admitiu a moción á trámite (axúntase copia), ten pensado o equipo de goberno, como xa lle levamos solicitado varias veces, facer algunha xunta informativa para explicar ós veciños a nova situación do Plan? En caso afirmativo, cando vai ser? E en caso negativo, por qué non?
- Acordouse cos veciños afectados, dende hai mais de nun ano, os topónimos dos urbanizables, requisito imprescindible para constituir un novo núcleo. Por que non foron presentados a este Pleno para ser incluídos no Nomenclator?
- Que parte do importe de contratación se lle leva pagado a Cerna?
- O PXOM vixente está adaptado a última modificación da Lei 2/2010? De non ser así, por qué non se fai?

Resposta o Sr. Alcalde - Presidente que con respecto ao PXOM os traballos de modificación do PXOM que afectan aos núcleos están paralizados, xa que están a espera da aprobación dunha nova Lei do solo que debería aprobarse a remates de marzo.

No que atinxe ao contrato co equipo redactor os pagamentos fanse efectivos a medida que se van completando fases do traballo de redacción do PXOM, dí que o contrato se atopa a disposición de calqueira concelleiro/a que o queira revisar.

3. Servizo de limpeza de instalacións municipais.

Teño entendido que se rescindiu o contrato ca empresa adxudicataria deste servizo, e que agora o realizarán dúas traballadoras deste Concello,

- Este traballo entra no se horario laboral, ou pagarase como horas extraordinarias?
- Estas persoas son persoal laboral fixo a xornada completa para axuda a domicilio; ca nova situación, modifícase o seu contrato?
- No actual contrato destas persoas, está incluída a limpeza de instalacións ou é específico para axuda a domicilio?

Resposta o Sr. Alcalde - Presidente que en realidade non se lle retiraron horas a unha persoa concreta senón que se rescindiu o contrato coa empresa de limpeza xa que avaliando custos saía máis barato que o fixera xente do Concello, que ademais é persoal laboral é legalmente pódese encomendar este traballo pola vía de horas extraordinarias ata un máximo de 80 anuais.

4. Proxectos de Renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes 2014.

O Concello solicitou algunha destas axudas para mellorar a eficiencia enerxética e abaratar os seus custes?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que efectivamente o concello da Capela vai solicitar subvención ao INEGA, xunto con outros concellos da zona, e que neste momento estase traballando na redacción dun proxecto conxunto de eficiencia enerxética, sinala asimesmo que o ideal de acordo coa orde de subvención sería chegar a facer a solicitude por parte de dez concellos da zona.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas vinte e dous minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

Manuel Meizoso López



O Secretario,

José A. Meizoso Paz

